

| Expediente Matrícula Denunciante | Denunciado Último endereço coñecido | Feito denunciado Data-Hora-Estrada-p.k. | Precepto infrinxido | Precepto sancionador | Sanción proposta |
|---|--|--|---|--|---------------------|
| XC-00974-O-2009 3817-DXR G.C. de Tráfico | <i>Sadicalppe, S.L.</i> San Gregorio-Pias, s/n 36048 O Rosal (Pontevedra) | Circular cun camión transportando acumuladores, botando un peso a báscula de 5.400 kg, estando autorizado para 3.500 kg, exceso do 54,28% sobre a súa M.M.A. en vehículo de ata 10 tm. 26-3-2009; 11.28; AP-9; 79,500 | Art. 55 LOTT | Art. 143.1º h) LOTT Art. 201 ROTT | 4.600 euros |
| XC-00998-O-2009 G.C. de Tráfico | <i>Groporta, S.L.</i> Cancela, 76 36971 O Grove (Pontevedra) | Non levar no vehículo arrendado o contrato de arrendamento ou copia del, ou levalo sen cubrir. 31-3-2009; 19.15; AP-9; 25,200 | Art. 17 O.M. 20-7-1995 (BOE 2/8) | Art. 143.1º e) LOTT Art. 201.1º e) ROTT | 201 euros |
| XC-01024-O-2009 2064-CLY G.C. de Tráfico | <i>Manuel Rodríguez Platas, S.L.</i> O Granxal-Perillo, 8-1 esq. 15172 Oleiros (A Coruña) | Circular transportando cousas de drogaría e perfumaría nun vehículo lixeiro, carecendo de autorización. 8-4-2009; 18.48; AC-840; 52,400 | Art. 47 e 90 LOTT Art. 41 e 109 ROTT | Art. 143.1º f) LOTT Art. 201.1º f) ROTT | 1.501 euros |
| XC-01025-O-2009 8664-CHB G.C. de Tráfico | <i>Ties. y Servicios Marítimos, S.L.</i> Marqués de Valterra, Estribela, 27 36910 Pontevedra | Realizar transporte público de mercadorías cun vehículo conducido por condutor dun país terceiro (non da UE) carecendo do correspondente certificado. Condutor con nacionalidade armenia. 2-4-2009; 11.15; N-651; 22,500 | Art. 1 O. FOM 3399 20-12-2002 (BOE 9-1-2003) | Art. 143.1º e) LOTT Art. 201.1º e) ROTT | 1.001 euros |
| XC-01028-O-2009 2392-DPY G.C. de Tráfico | María Victoria Ferreiro Lamas Escultor José Ferreiro, 13 15189 Orro (San Salvador) Culleredo (A Coruña) | Realizar transporte público de mercadorías en vehículo lixeiro carecendo da autorización correspondente para o transporte. 1-4-2009; 18.00; AC-861; 21,500 | Art. 47 e 90 LOTT Art. 41 e 109 ROTT | Art. 143.1º f) LOTT Art. 201.1º f) ROTT | 1.501 euros |
| XC-01041-V-2009 Taxi José A. Expósito Leal | Jorge Eduardo Tenreiro Fernández Fontemoura, 11-13-1º 15404 Ferrol (A Coruña) | A carencia do libro de reclamacións no vehículo. 12-12-2008; 12.10.53 -- -- | Art. 147 LOTT Art. 222 ROTT Art. 3 O. FOM 3398/2002 20-12 (BOE 9-1-2003) | Art. 143.1º e) LOTT Art. 201.1º e) ROTT | 1.001 euros |
| XC-01055-O-2009 G.C. de Tráfico | Marcial Emilio Ricoy Vázquez Pereiro de Arriba, 34 15600 Celas (Santa María) Culleredo (A Coruña) | Non levar a bordo do vehículo arrendado o contrato de arrendamento. Presenta o último contrato válido ata o 30-11-2008. Transporta roupa de vestir. 20-2-2009; 16.50.03; N-550; 43 | Art. 17 O.M. 20-7-1995 (BOE 2-8) | Art. 143.1º e) LOTT Art. 201.1º e) ROTT | 1.001 euros |
| XC-01062-O-2009 PO-1434-BK G.C. de Tráfico | Enrique García Ramírez Lg. Sabarís, 44 36157 Campaño (San Pedro P.) Pontevedra | Circular cun camión transportando material para chiringuito móbil, dando un peso en báscula de 7.400 kg, estando autorizado para 3.500 kg exceso de peso do 111,42% sobre a súa M.M.A. 17-4-2009; 16.56; AC-533; 1,500 | Art. 55 LOTT | Art. 143.1º h) LOTT Art. 201 ROTT | 4.600 euros |
| XC-01067-O-2009 0948-DNY G.C. de Tráfico | Emilio Vicente López Táboa Avda. Solana, 82-84 3º 15575 Narón (A Coruña) | Realizar transporte público de mercadorías cun vehículo lixeiro, carecendo da autorización. 29-4-2009; 10.00; AP-9; 25,200 f | Art. 47 e 90 LOTT Art. 41 e 109 ROTT | Art. 143.1º f) LOTT Art. 201.1º f) ROTT | 1.501 euros |
| XC-01086-O-2009 T-0161-AX G.C. de Tráfico | <i>Europea de Productos Petrolíferos, S.A.</i> Eduardo Bosca, 29 46023 Valencia | Circular transportando aceite para automóviles nun vehículo lixeiro, carecendo de autorización. 9-4-2009; 8.50; AC-841; 01.800 | Art. 47 e 103 LOTT Art. 41 e 158 ROTT | Art. 143.1º c) LOTT Art. 201.1º c) ROTT | 400 euros |
| XC-01089-O-2009 PO-4753-Y G.C. de Tráfico | Bruno García Ramírez Lugar Lampreira (Devesa) 36157 Alba (Santa María P.) Pontevedra | Realización de transporte privado en vehículo lixeiro, carecendo de autorización, transporta ferro, carga útil 1.000 kg. 15-4-2009; 18.50; AC-550; 106,500 | Art. 47 e 103 LOTT Art. 41 e 158 ROTT | Art. 143.1º c) LOTT Art. 201.1º c) ROTT | 400 euros |
| XC-01094-O-2009 3207-CHJ G.C. de Tráfico | <i>Clínica Dragon, S.L.</i> Rúa dos Cabaleiros, 18 B 15176 Oleiros (A Coruña) | Realizar transporte público discrecional ao abeiro da tarxeta núm. 11469453-1 con titular (47379481-X) Julio Pulido Álvarez non sendo o mesmo titular do vehículo e o titular da tarxeta e non acreditando relación entre ambos. 9-3-2009; 16.30; N-VI; 578 | Art. 47 e 90 LOTT Art. 41 e 109 ROTT | Art. 143.1º f) LOTT Art. 201.1º f) ROTT | 1.501 euros |
| XC-01098-O-2009 6044-BFD G.C. de Tráfico | Pedro Romalde Carreira Trav. de Bazán, 24, port. G-3º 15406 Ferrol (A Coruña) | Realizar transporte público de mercadorías cun vehículo lixeiro, carecendo da autorización. Transporta paquetería. 30-4-2009; 15.15; AG-64; 5 | Art. 47 e 90 LOTT Art. 41 e 109 ROTT | Art. 143.1º f) LOTT Art. 201.1º f) ROTT | 1.501 euros |
| XC-01124-O-2009 5783-DMK G.C. de Tráfico | Carlos Alberto Fernández Pereiró Barcelona, 11-2 esq. 36203 Vigo (Pontevedra) | Exceso de peso superior ao 6% ata o 15% nos vehículos de ata 10 tm. Bota un peso na báscula móbil de 3.900 kg, sendo a súa M.M.A. de 3.500 kg. 18-12-2008; 8.30; AP-9; 79,500 | Art. 55 LOTT | Art. 143.1º c) LOTT Art. 201.1º c) ROTT | 351 euros |

Anuncio do 10 de xullo de 2009 polo que se lle dá publicidade á convocatoria da Sección Galega dos Premios Europeos de Medio Ambiente.

Os Premios Europeos de Medio Ambiente á empresa, convocados pola Dirección Xeral de Medio Ambiente da Comisión Europea, teñen como obxectivo recoñecer publicamente aquelas organizacións que coa súa actuación contribúan ao cumprimento dos principios do desenvolvemento sustentable e cuxos esforzos poidan supoñer un avance cara a un desenvolvemento económico e social que preserve o ambiente. Estes premios son organizados e coordinados en España pola *Fundación Entorno*.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas desenvolve funcións de apoio e seguimento da implementación de instrumentos de susten-

tabilidade nas empresas galegas; por iso, constituíu nesta edición 2009-2010 dos Premios Europeos de Medio Ambiente unha sección galega mediante un convenio de colaboración coa *Fundación Entorno*. Deste xeito, as empresas galegas interesadas participarán na sección galega e poderán optar aos galardóns galegos, e dará dereito tamén á participación europea a través da sección española.

As empresas galegas interesadas en participar deberán dirixir as súas candidaturas á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental para o seu trámite a optar á sección galega, á española e á europea.

Os fundamentos, as bases e os formularios destes premios atópanse na páxina web da Xunta de Galicia, Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, no endereço: <http://www.siam-cma.org/premios-europeos>. Aquelas empresas interesadas en par-

ticipar, seguindo os criterios das bases dos premios citadas, poderán ser asesoradas tecnicamente na formulación da súa candidatura pola Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, ben a través do número de teléfono 986 80 50 26 do Servizo de Información Ambiental ou solicitándoo por escrito a esta secretaría xeral.

Santiago de Compostela, 10 de xullo de 2009.

Justo De Benito Basanta
Secretario xeral de Calidade e Avaliación Ambiental

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

Acordo do 17 de xuño de 2009, do Departamento Territorial de Ourense, polo que se somete a información pública a petición de autorización e a aprobación do proxecto de execución da rede de subministración de gas natural con MOP=16 bar a Cooperativa Altapedra, T.M. de Sarreaus. (Expediente IN627A 09/002).

Para os efectos previstos no artigo 73 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, no artigo 78 do Real decreto 1434/2002, do 27 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de gas natural e no artigo 2 da Orde do 30 de novembro de 1999 sobre a tramitación de autorizacións administrativas das canalizacións de gas, sométese a información pública o seguinte proxecto:

Peticionario: *Gas Natural Distribución SDG, S.A.* con enderezo na rúa Lisboa, s/n, Área Central, local 31-HIJ, 15707 Santiago de Compostela.

Denominación: rede de subministración de gas natural con MOP= 16 bar a Cooperativa Altapedra.

Obxecto da petición: autorización administrativa e aprobación do proxecto de rede de subministración de gas natural con MOP (presión máxima de operación)= 16 bar a Cooperativa Altapedra.

Antecedentes:

-Resolución do 23 de novembro de 2005, da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, pola que se concede autorización administrativa, se aproba o proxecto de execución e se declara a utilidade pública, en concreto, do ramal APA a *Gallega de Residuos Gandeiros, S.A.* (Coren), que afecta os termos municipais de San Cibrao das Viñas, Taboada, Allariz, Paderne de Allariz, Baños de Molgas, Xunqueira de Ambía, Sarreaus e Ourense (Ourense), promovido por *Gas Natural SDG, S.A.* (expediente IN627A 04/007).

-Achega da rama de actividade de distribución regulada de gas realizada por *Gas Natural, SDG, S.A.* a favor de *Gas Natural Distribución, SDG, S.A.* con data do 30-9-2005, que foi elevada a escritura pública mediante o protocolo nº 3012, do 30 de setembro do notario Juan José López Burniol de Barcelona.

-Acta de comprobación e autorización de posta en marcha do 14 de novembro de 2006 das instalacións do ramal APA de distribución de gas natural para a empresa *Gallega Residuos Ganaderos, S.A.* (Coren).

Características das instalacións:

-Conexión coa rede de gas natural existente dunha acometida para Cooperativa Altapedra, mediante toma en carga de 2" sen reforzo entre os vértices existentes V-191 e V-192, situado a 2,27 metros augas abaixo do vértice V-191.

-Canalización de gas natural no rango de presión de 5 bar a 16 bar efectivo máximo, para acometida de 40,35 m; con tubaxe de aceiro de 2" e espesor 3,2 mm, segundo norma UNE-EN 10208-2 grado L245.

-Válvula de acometida de 2", xunta illante, toma de potencia especial e CAP de 2" no extremo final.

-Presión máxima de servizo: 16 baref.

Termo municipal: a solicitude afecta o termo municipal de Sarreaus.

Orzamento: oito mil seiscentos oitenta e dous con vinte céntimos (8.682,20 €).

O que se fai público para coñecemento xeral e para que todas aquelas persoas, naturais ou xurídicas, que se consideren prexudicadas nos seus dereitos, poidan presentar as súas alegacións a este organismo, no prazo de 20 días a partir da data de publicación deste anuncio, podendo examinar o correspondente proxecto neste departamento territorial, situado na rúa Curros Enríquez, 1-3 planta, Ourense.

Ourense, 17 de xuño de 2009.

Gabriel Diéguez Domínguez
Xefe territorial de Ourense

Resolución do 18 de maio de 2009, do Departamento Territorial de Pontevedra, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 09/163-4).

Visto o expediente para o outorgamento de autorización administrativa e a aprobación do proxecto de execución da instalación eléctrica que a seguir se cita:

Solicitante: *Unión Fenosa Distribución, S.A.*

Domicilio social: travesía de Vigo, 204, 36207 Vigo.